

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación co proxecto de orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026, emítase o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Lei 7 /85, de 2 de abril (LRBRL).
2. Artigos 162 a 171 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
3. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o R.d. 1.463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP.
4. Artigos 2 a 23 do R.d. 500/90, de 20 de abril (RP).
5. Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
6. Artigo 20.28 da Lei 37/92, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (LIVE)
7. artigo 3.1, a) do RD 1619/2012, de 30 de novembro, Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (RF)

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

Estrutura orzamentaria.

Todos os orzamentos que integran o orzamento xeral da Deputación se formulan segundo a estrutura orzamentaria regulada na Lei 39/1988 (actual TRLRFL), desenvolvida pola orde de EHA/3565/2008, de 3 de decembro, de aplicación obrigatoria dende o 1 de xaneiro de 2010 e as súas modificacións posteriores.

Tamén se ten en conta o previsto no R.D. 500/90, coñecido como “Regulamento orzamentario”, polo que o que subscribe considera que tanto o orzamento xeral como as bases de execución cumpren con carácter xeral ámbalas dúas normas.

Equilibrio orzamentario.

O orzamento xeral consolidado da Deputación preséntase nivelado en gastos e ingresos por importe de 243.694.902 € e, se ademais temos en conta que non se necesita financeiro con endebedamento, pódese afirmar que cumpre co requisito do déficit cero.

Capacidade de aforro a curto e longo prazo.

Os ingresos correntes consolidados experimentan un aumento de 30.087.001€ (9,34%), sendo suficientes para facer fronte aos gastos correntes e permiten un aforro neto orzamentario consolidado que se cifra en 90.374.859€, aforro que mellora en 34.503.931€, é dicir, a capacidade da Deputación para o financiamento de investimentos mellora polo incremento dos ingresos, a redución dos gastos correntes e ao feito de non ter que amortizar débeda.

Tendo en conta a situación económica actual e a previsible para os próximos anos, faise necesario, para evitar que a solvencia da Deputación se vexa comprometida e se poida manter no tempo, controlar o crecemento dos gastos correntes estruturais, xa que os ingresos poden caer a medio e longo prazo. Así mesmo, é imprescindible non acometer investimentos que xeren moito gasto corrente e limitar ó máximo a realización de gastos plurianuais.



Suficiencia dos créditos para gastos.

As dotacións para facer fronte os compromisos adquiridos estímanse suficientes en función das previsións que se teñen para unha execución normal do orzamento, sen prexuízo de tramitar expedientes de modificación do orzamento durante o exercicio se fose necesario.

Gatos de persoal.

Os créditos para gastos consolidados de persoal da Deputación e os seus organismos aumentan en 3.204.359€ (5,93%), este incremento débese basicamente ao incremento do 0,5% pendente do ano 2024 mais unha estimación do 3% para compensar a variación de prezos de 2025 e 2026 (1.665.981€), ao convenio cos Bombeiros do Consorcio provincial (503.251€) e a variacións nos cadros e relacións de postos de traballo, cuxo detalle figura na proposta de variacións e no informe de Recursos Humanos e Formación.

Subvencións nominativas

Respecto das subvencións con consignación nominativa que figuran neste orzamento, no momento de tramitar a súa concesión, deberase xustificar o/s motivo/s polos que non se poden conceder por concorrencia competitiva.

Realismo das previsións de ingresos.

Conforme se explica na memoria e no informe económico-financieiro, as previsións de ingresos dos distintos conceptos que integran o estado de ingresos considero que son realizables, de modo que se garante a existencia de liquidez para poder facer fronte ás obrigas coa debida prontitude, e evitar un incremento dos custos dos bens e servizos que se compran. Así mesmo, evítase a reclamación de intereses por demora no pagamento.

Bases de execución do orzamento.

As bases de execución do orzamento considero que se axustan, en termos xerais, á normativa que nelas se desenvolve, agás a regulación que se fai sobre as dotacións aos grupos políticos, polas razóns seguintes:

- Incrementábase a dotación para os grupos políticos en 145.440€, pasando de 363.600€ a 509.040€, o incremento destas dotacións, tendo en conta que os mesmos contan con locais, persoal, material informático e de comunicación, etc., debería facerse en base as súas necesidades reais de funcionamento.
- No que atinxe á modificación da regulación da xustificación, que se fai nas bases, para as aportacións que fagan os grupos aos partidos con cargo a asignación provincial, entendo que si no informe ou certificado expedido polo partido para xustificar as achegas que faga o grupo ao seu favor, non se detallan, de ser o caso, os gastos asumidos polo partido que satisfacen necesidades do grupo ou os servizos prestados polo partido ó grupo, esta xustificación non pode considerarse correcta, xa que estas dotacións aos grupos teñen como finalidade financiar os gastos de funcionamento dos grupos, sen que estea previsto no artigo 73 da LRBRL que ditas asignacións se lle dean aos grupos para que estes as destinen aos partidos políticos.

Estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda.

Este orzamento cumpre o requisito da estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda.



CONCLUSIÓN

Como consecuencia do exposto, infórmase **favorablemente** o orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, agás o que se refire a modificación da regulación, nas bases de execución, da xustificación das aportacións que fagan os grupos aos partidos políticos con cargo á asignación provincial.

O INTERVENTOR,

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe



INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: FISCALIZACIÓN DAS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RPT DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL FIXO PARA O ANO 2026.

En cumprimento do disposto nos artigos 213 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, e no Título II do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno na Entidades Locais do Sector Público, examinadas as propostas referidas, esta Intervención informa:

1.- En canto á fiscalización das propostas de asignación do factor dedicación parcial no complemento específico de varios postos de traballo:

Con carácter previo á fiscalización destas propostas é preciso recordar as seguintes consideracións recollidas en distintos informes emitidos por esta Intervención:

En canto ao factor dedicación, reiterar que **a súa regulación** nas bases de aplicación de retribucións do persoal **é insuficiente**, o que pode dar lugar a que se asigne de forma discriminatoria.

Polo que, coa finalidade de evitar unha asignación discriminatoria con respecto a outros postos de igual ou superior categoría, na fiscalización destas propostas esta Intervención ten en conta os factores ou criterios definidos no Informes de data 10 de outubro de 2019 e 5 de maio de 2022.

De acordo con estes informes o factor dedicación pódese asignar por dous motivos:

- 1- Postos que requiren a realización dun mínimo de 20 horas no traballo fóra da xornada normal e que teñen que levar os asuntos pendentes do traballo fóra do mesmo (pensar nos asuntos do traballo fóra da xornada laboral), esta circunstancia presúmese naqueles que existen para o seu desempeño un alto ou medio contido intelectual e responsabilidade.
- 2- Postos que pola súa natureza necesitan realizar mais de 50 horas mensuais fóra da xornada normal e non sexan facilmente externalizables (como é o caso dos condutores do Parque Móbil).

Ademais, a asignación do factor dedicación supón:

- A realización de traballos fóra da xornada normal de un mínimo de 20 horas/mes e un máximo de 60.
- O importe correspóndese cunha cantidade que retribúe a realización efectiva dun mínimo de 20 horas/mes no posto de traballo e outra cantidade (aproximadamente 40 horas) que se corresponde coa dedicación fóra do posto.



Dende o exercicio 2019 estanse a aplicar os seguintes **criterios na fiscalización das propostas de asignación do factor dedicación encaixables no primeiro apartado:**

1. Realización de tarefas de alto/medio contido intelectual, que supoñen a dedicación no desenvolvemento das funcións tanto no posto de traballo como fóra do mesmo.
2. Elaboración e sinatura de documentos e informes que poden implicar a existencia de responsabilidades administrativas, civís e incluso penais.
3. A existencia doutros postos no servizo que poidan realizar as tarefas que serven de xustificación á proposta de nova asignación.
4. O número de postos con dedicación no servizo, así como si o posto para o que se propón a asignación ven realizando traballos fóra da xornada normal de forma intensa e continuada por un longo período de tempo.

Por outra banda, nas bases de aplicación de retribucións do persoal do ano 2020 introdúcese o réxime de dedicación parcial para súa asignación aos postos de traballo que non requiren dun alto/medio contido intelectual e que, por tanto, non teñen que levar as dúbidas ou preocupacións fóra do posto, trataríase de postos de traballo que:

- xa teñen unha xefatura superior que é á que, no seu caso, lle corresponde resolvelas,
- teñen que realizar necesariamente traballos fóra da xornada normal de traballo no posto de traballo,
- teñen unha certa responsabilidade e con persoal ao seu cargo.

A regulación deste factor nas bases de aplicación de retribucións é insuficiente, limitándose a establecer unha presenza obrigada fóra da xornada laboral non inferior a 15 horas/mes, nin superior a 30 horas/mes e cun importe do 50% do valor previsto para a dedicación plena, polo que esta Intervención considera que, antes da súa asignación a calquera posto de traballo, **terían que regularse con maior precisión os seguintes criterios básicos para a súa asignación, así:**

- **as horas máximas e mínimas e a súa retribución**, xa que a dedicación parcial non retribúe o traballo fóra do posto (dúbidas e preocupacións que se levan fóra do posto de traballo), de xeito que a diferenza entre horas traballadas e abonadas ten que ser moi inferior que no factor dedicación plena (debendo realizarse no posto de traballo entre 30 e 20 horas fóra da xornada laboral), hai que ter en conta que se trata de postos que requiren dun menor contido intelectual e dunha menor responsabilidade, nos que debe valorarse sobre todo a realización de traballos fóra da xornada normal no posto e menos fóra do posto.
- **os postos aos que se lles pode asignar** o factor dedicación parcial para non dar lugar a un uso discriminatorio, non debendo asignarse a ningún posto en tanto non se desenvolva completamente a súa regulación.

Á vista do exposto, **coa finalidade de evitar agravios comparativos e, polo tanto, situacións claramente inxustas**, esta Intervención considera que **en tanto non se desenvolva**



completamente a súa regulación, non debe asignarse a ningún posto o réxime de dedicación parcial.

Con todo, realizadas estas consideracións previas e **analizadas as propostas de asignación do réxime de dedicación parcial na RPT do ano 2026** aos postos que a continuación se relacionan á vista dos criterios anteriormente expostos, **conclúese que:**

1.- A proposta de asignación da dedicación parcial a un posto de traballo de administrativo/a do Rexistro, **non se considera procedente** pois:

A **Unidade de Rexistro** presta atención á cidadanía en horario de tarde aproximadamente **oito meses ao ano**, xa que nos períodos de redución da xornada laboral normal, concretamente, nadal, entroido, semana santa e período estival, esta Unidade permanece pechada en horario de tarde.

Ata setembro de 2024, o horario de tarde estaba cuberto cun auxiliar administrativo que traballaba en xornada partida os oito meses do ano nos que a Unidade de Rexistro abre de 17 a 19 horas, polo que non era preciso tramitar ningún expediente de autorización de traballos fóra da xornada laboral para o resto de persoal da Unidade.

Este horario de tarde tamén está cuberto polo **xefe da Unidade de Rexistro**, pois ten asignada a dedicación plena (debendo realizar entre 20 e 60 horas fóra da xornada normal) e percibe ademais mensualmente un complemento de produtividade xustificado na súa actividade extraordinaria no desenvolvemento das súas funcións.

Tendo en conta **as peculiaridades de horario da Unidade de Rexistro**, o lóxico sería que parte do seu persoal desenvolva as súas tarefas en xornada partida os meses nos que a oficina presta servizo á cidadanía de 17 a 19 horas para así poder ter cuberto o horario establecido, e de non considerarse oportuno, o procedente é a tramitación de autorización de traballos fóra da xornada laboral para os meses con horario de 17 a 19 horas, sempre tendo en conta que o xefe de Unidade ten asignado o factor dedicación e percibe unha produtividade mensual polo que se presume unha dedicación especial no posto que ten que reflexarse no sistema de control de presenza coa realización dun número importante de horas.

Ao exposto cabe engadir que o posto de auxiliar administrativo antes mencionado sigue vacante a pesar dos informes emitidos por esta Intervención nos que se advertía da conveniencia de ocupar o posto cun traballador coa mesma xornada que o anterior, o que permitiría ter cuberto o horario de tarde nos meses correspondentes e evitar a tramitación de expedientes de autorización de traballos fóra da xornada laboral.

Tendo en conta as consideracións expostas e **a falta de motivación da proposta**, esta Intervención entende que a asignación do réxime de dedicación parcial a este posto **resulta claramente arbitraria e discriminatoria con relación a outros postos de traballo de igual ou superior categoría, o que vai provocar:**

- **que se teña que asignar aos demais postos** que precisan realizar traballos fóra da xornada normal no posto de traballo,



- o encarecemento do funcionamento desta Deputación, pois realizaranse menos horas de traballo (15 horas) cunha retribución equivalente a máis de 20 horas,
- ademais a redución efectiva do número de horas que realizará o persoal ao que se lle asigne o réxime de dedicación parcial, **provocará que se incremente o número de postos que teñan que realizar traballos fóra da xornada laboral, reducíndose, polo tanto, a eficiencia.**
- o malestar do restante persoal desta Deputación, ao tratarse dunha **decisión arbitraria, discriminatoria e, polo tanto, inxusta.**

2.- A proposta de asignación da dedicación parcial a un posto de traballo de oficial/a de Imprenta, non se considera procedente pois:

A Imprenta Provincial non conta con persoal que teña asignado o factor dedicación dende xuño do ano 2021, data de xubilación do xefe de sección da Imprenta, polo que cabe presumir que o traballo que se está a desenvolver dende entón na Imprenta non precisa de ningún traballador cunha dedicación ou dispoñibilidade especial.

Por outra banda, no segundo semestre do ano 2023, comezáronse a tramitar expedientes de autorización para a realización de traballos fóra da xornada laboral a Don Sebastián Beloso Ligerio, oficial de imprenta, con todo, despois de facer unha análise dos datos obxectivos do ano 2023, 2024 e 2025 aportados polo sistema de control de presenza, **esta Intervención entende que non queda acreditada ningunha dedicación ou dispoñibilidade inherente ao factor dedicación**, pois:

- dende xuño do ano 2023 ata novembro do ano 2024 non consta ningún exceso de xornada nos datos analizados,
- no ano 2025 algún mes ten exceso de 20 horas, sendo o normal entre 15 e 17 horas, incluso hai meses nos que non ten exceso algún.
- Tendo en conta que os traballos fóra da xornada sempre se realizan de luns a venres e se corresponden coas horas para realizar traballos fóra da xornada laboral que ten autorizadas, **os datos analizados reflexan incrementos puntuais do volume de traballo, como sucede en calquera outro posto, polo que procede ó seu abono en concepto de gratificación, tal e como se está a facer ata agora.**

Tamén cómpre incidir na **diminución do volume de traballo da Imprenta Provincial** que queda acreditada coa **amortización da outra praza de oficial de imprenta adscrita ao Servizo de Comunicación**, levada a cabo na modificación do cadro de persoal e da RPT no mes de marzo de 2024.

Vistas as consideracións expostas e **a falta de motivación da proposta, reiterate o xa exposto** respecto da asignación do réxime de dedicación parcial ao administrativo/a de Rexistro, pois esta Intervención considera que a asignación do réxime de dedicación parcial a este posto



tamén resulta claramente arbitraria e discriminatoria con relación a outros postos de traballo de igual ou superior categoría o que vai a dar lugar as consecuencias antes mencionadas.

2.-En canto á fiscalización das restantes propostas de modificación do cadro de persoal e da RPT de persoal funcionario e laboral fixo do ano 2026, enténdense xustificadas á vista das necesidades dos servizos, coa finalidade de mellorar a estrutura de organización e funcionamento das distintas Áreas, Centros e Servizos.

3.- Finalmente, coa intención de evitar que se fagan asignacións do réxime de dedicación (plena ou parcial) arbitrarias e discriminatorias que produzan situacións inxustas, esta Intervención precisa facer as seguintes consideracións:

- os criterios que se teñen en conta na fiscalización das propostas de asignación do factor dedicación deberíanse incorporar á regulación deste concepto retributivo nas bases de aplicación de retribucións de persoal,
- o réxime de dedicación parcial non se asignou a ningún posto ata agora porque ten que completarse a súa regulación respecto aos criterios básicos para a súa asignación, para evitar a arbitrariedade e impactar o menos posible na eficiencia da Deputación e no ánimo dos empregados,
- tendo en conta as consideracións xa expostas e os problemas que poder ocasionar a súa asignación, esta Intervención entende que debería valorarse a supresión do factor dedicación parcial.
- en todo caso, de non suprimirse, para a asignación do réxime de dedicación parcial ten que levarse a cabo unha regulación mais precisa dos criterios antes mencionados e incorporar á regulación deste concepto retributivo nas bases de aplicación de retribucións de persoal, non debendo asignarse a ningún posto en tanto non se desenvolva completamente a súa regulación.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, coas observacións mencionadas, esta Intervención informa favorablemente todas as propostas fiscalizadas, agás as de asignación do réxime de dedicación parcial a un posto de traballo de administrativo/a do Rexistro e a un posto de traballo de oficial/a de Imprenta, que se informan desfavorablemente por no cumprir cos criterios anteriormente expostos e resultar arbitrarias e discriminatorias con respecto a outros postos de igual ou superior categoría.

Asinado e datado dixitalmente á marxe

